

D./Dna. ...., maior de idade, con DI n° ....., con domicilio aos efectos de notificación en ....., unha vez publicado no BOP de Pontevedra, con data 27-10-2011, o anuncio da Aprobación Provisional do Acordo Plenario de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles do Concello da Estrada de data 13-10-2011, dentro do prazo de exposición pública, ao considerar dito acordo lesivo e contrario aos meus intereses, formulo ALEGACIÓN ao mesmo en base aos seguintes feitos:

1. A Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles do Concello da Estrada vixente recolle na Disposición Adicional Transitoria: *De acordo co informe redactado polos técnicos, aprobado pola comisión mixta de estudo das valoracións contidas na Ponencia de Valores Catastrais e polo Pleno do Concello de data 12 de abril de 2004, no que se **recolle a sobrevaloración xeneralizada dos polígonos urbanos da vila da Estrada** e en cumprimento dos acordos das sesións plenarias de data 9 de febreiro de 2004 que recolle que no caso de que a Xerencia Provincial do Catastro non tomase medidas para reducir os valores catastrais dos inmóbles da vila, o Concello aprobaría medidas correctoras que paliasen os efectos producidos pola sobrevaloración catastral, e o de data 14 xuño de 2004, no que se acorda aplicar unha redución do IBI para os inmóbles catalogados como urbanos na vila da Estrada, **procédese a reducir a cota do imposto de IBI de natureza urbana dos citados inmóbles nun 37,5% ata o momento no que se aprobe e entre en vigor unha nova Ponencia de Valores para este Concello.** A presente disposición adicional transitoria entrará en vigor con efectos do 1 de xaneiro de 2004.*
2. Que **non se aprobou unha nova Ponencia de Valores** para o Concello da Estrada, polo que non se dan as condicións para a supresión da Disposición Adicional
3. Que o propio Concello da Estrada dispón de Informes Técnicos que constatan o mantemento da sobrevaloración da Ponencia de Valores vixente
4. Que o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Estrada se atopa en tramitación e debera estar a mesma próxima a finalizar, momento no que se vai realizar unha nova Ponencia de Valores Catastrais

Por iso, **SOLICITO**

A estimación da alegación que se formula e a non aprobación definitiva do acordo de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre os bens inmóbles que se impugna.

Na Estrada, a ..... de ....., de 2011.

Asdo.- .....

**AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA ESTRADA**